

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	CASTRO DE REI
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Xiao de Mos
<b>Dirección</b>	Lugar do Mato, s/n. 27268
	43.162586 -7.542529
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	O templo parroquial foi construído en 1874. Posúe planta de cruz latina con nave rectangular cuberta a dúas augas, con ceo raso, coro de fronte semicircular aos pés e piso de madeira. Catro arcos que parten de senllas impostas, soportan a intersección da zona do cruceiro con bóveda cega e forma interior de casquete esférico, e ao exterior telladiño a catro vertentes. Os brazos e cabeceira a tres augas. O frontis liso, posúe un interesante reloxo de interesante máquina formada por tres caixas de corda, que non funciona. Portada rematada con arco de medio punto con ventanal superior co mesmo remate, rematada en torre campanario de base cuadrangular o cal posúe tres campás. Catro ocos para outras tantas campás e cúpula decorada con pináculos. Retablo neoclásico dun só corpo e remate en frontón decorado con grosas molduras. Ao lados do retablo maior, lápidas sepulcrais. Este atópase dentro dun adro pechado cun muro de mampostería de pedra.
<b>Campás</b>	3 campás.
<b>Fotos</b>	3
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	07-12-2025

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">DE LA SOTA LÓPEZ, JUAN MARÍA</a>	1876	50	72
Torre-campanario	<a href="#">Mediana.</a>	<a href="#">ANÓNIMO (GALICIA)</a>	1806	55	96
Torre-campanario	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">QUINTANA SAGUILLO, MANUEL</a>	1973	80	296

Información completa: [Igrexa de San Xiao de Mos - CASTRO DE REI \(GALICIA\)](#)

PDF (17-06-2026)